BOPPO | BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Mércores, 19 de outubro de 2016 | Nº 200

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO ASOCIACIÓNS

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria de data 7 de outubro de 2016, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto do Regulamento do Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cangas, unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas as modificacións derivadas das reclamaciones estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS

Exposición de motivos

O dereito a asociarse aparece determinado na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, que desenvolve o dereito fundamental de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución.

No ámbito local o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local dispón que as corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños e o artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, prevé a existencia dun Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais e dispón que os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza nos artigos 232, 233, 234 e 235 deste Regulamento só poderán ser exercitados por aquelas que se atopan inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Este Rexistro é independente do Rexistro Xeral de Asociacións e do Autonómico, que supoñen un recoñecemento legal da asociación, mentres que o rexistro municipal serve para poder exercitar as posibilidades de participación e obtención de beneficios expresados nos artigos 232 a 235 do ROF. O rexistro ten por obxecto permitir ao Concello de Cangas coñecer o número de entidades non lucrativas existentes no termo municipal, os seus fins e a súa

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: IPW3TF6PP4MLYY84

representatividade, aos efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal, por tanto, é independente do Rexistro Xeral de Asociacións, no que asemade, deben figurar inscritas todas elas.

O Pleno do Concello de Cangas en sesión de data 29 de setembro de 1995 acordou a creación do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais así como unhas normas de funcionamento. Dúas únicas normas que, ademais de limitarse a reproducir o disposto nos artigos do ROF referidos, o transcurso do tempo demostrou insuficientes para definir correctamente aspectos como a relación entre o Concello de Cangas e as asociacións rexistradas, o réxime de acceso as axudas e medios municipais ou outros non desenvolvidos ata este momento como o da vixencia da inscrición ou a baixa das asociacións no rexistro o que impedía ter unha imaxe fiel do número de asociacións existentes, da súa representatividade e dos seus fins, con datos desfasados e que non respondían á realidade.

O Concello de Cangas consciente da necesidade de ter un Rexistro Municipal de Asociacións actualizado e regulado, propón un novo regulamento que ven a substituír o xa existente e as normas de funcionamento vixentes ata o de agora, e que deberá servir para ter un verdadeiro coñecemento das asociacións existentes no ámbito de Cangas, dos seus intereses e necesidades e así desenvolver mellores políticas de fomento do asociacionismo.

Obxecto e Características

Artigo 1.- O obxecto deste regulamento é a actualización e nova formulación do Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cangas, que pretende que o Concello poida coñecer o número de entidades existentes no seu territorio, facilitar as relacións con elas, coñecer os seus fins e representatividade, facilitar e promover a iniciativa e a participación das entidades cidadás na xestión municipal, para os efectos de impulsar políticas municipais coherentes coas pretensións e necesidades da veciñanza, constituíndo un instrumento para consolidar un tecido social máis moderno.

Artigo 2.- O Rexistro Municipal de Asociacións é independente do Rexistro Xeral de Asociacións e do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, polo que a inscrición das entidades ou organizacións en calquera destes últimos non presuporá a inscrición no primeiro.

Artigo 3.- O Rexistro levarase na Secretaría Xeral coa colaboración, para a súa xestión e mantemento, da unidade administrativa encargada dos asuntos referentes á participación cidadá, seguindo as directrices establecidas pola Secretaría.

Artigo 4.- O Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cangas ten carácter administrativo e configúrase segundo a previsión establecida no artigo 236 do ROF das entidades locais.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: IPW3TF6PP4MLYY84

Artigo 5.- Os datos contidos no Rexistro Municipal de Asociacións serán públicos, agás aqueles que estean especialmente protexidos pola Lei de Protección de Datos (LO 15/99 de 13 de decembro).

Acceso

Artigo 6.- Poderán inscribirse no dito rexistro as asociacións de ámbito municipal que cumpran os requisitos que se establecen na normativa xeral de aplicación e no presente regulamento en particular.

A inscrición no rexistro terá carácter voluntario e gratuíto. A inscrición non é requisito constitutivo, se ben será necesario para gozar das subvencións outorgadas polo Concello, para formar parte dos órganos municipais de representación, participación e comunicación entre o movemento asociativo municipal e o Concello de Cangas así como para obter outros beneficios que se poidan establecer a nivel municipal.

Inscrición

Artigo 7.- Poderán obter a inscrición no rexistro todas aquelas asociacións legalmente constituídas que desenvolvan uns fins comúns encamiñados a defensa, fomento ou mellora dos intereses xenerais ou sectoriais da veciñanza do concello e en calquera caso:

— Ás entidades sen ánimo de lucro, constituídas ao abeiro do que dispón no artigo 22 da Constitución Española, cuxo marco territorial de actuación sexa o municipio de Cangas, e que teña por obxecto estatuario fundamental da súa actividade os intereses xerais da vila e a mellora da calidade de vida dos veciños.

— Ás entidades sen ánimo de lucro que, dentro do ámbito territorial de Cangas, representen intereses sectoriais, económicos, comerciais, profesionais, científicos, culturais, sociais, deportivos e análogos.

Artigo 8.- Documentación necesaria para acceder ao Rexistro:

1. As inscricións no rexistro realizaranse previa solicitude das asociacións, para o que deberán achegar os seguintes documentos.

a) Instancia que inclúa a solicitude de inscrición, segundo o modelo establecido pola Alcaldía.

b) Copia compulsada da acta fundacional da Asociación.

c) Copia compulsada dos Estatutos da Asociación, adaptados á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

d) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións do Ministerio do Interior ou no Rexistro Autonómico de Asociacións.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: IPW3TF6PP4MLYY84

e) Certificado acreditativo das persoas que ocupen os cargos directivos, incluíndo nome, apelidos e DNI de cada unha delas.

f) Certificado acreditativo do número de socios que se renovará anualmente.

g) Sede social (enderezo, teléfono e outros datos útiles para a mellor localización).

h) Copia compulsada do CIF da Asociación.

i) Orzamento do ano en curso, facendo constar os medios e fontes de financiamento propios ou externos se prevén.

j) Programa de actividades do ano en curso.

k) As entidades deportivas deberán presentar copia dos seus estatutos adaptados ao establecido na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do Deporte de Galicia.

2. Se a documentación presentada fose incompleta ou non reunise as condicións sinaladas no apartado anterior, outorgarase un prazo de 10 días para proceder a súa emenda. Transcorrido dito prazo sen atender ao requirimento a petición terase por desistida e arquivarase sen máis trámites mediante resolución de Alcaldía.

Se a documentación achegada fose válida, a Alcaldía, mediante resolución disporá a inscrición cun número que lle corresponda no Rexistro Municipal de Asociacións. A partires da data de comunicación do número de inscrición, considerarase que a asociación está dada de alta a todos os efectos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cangas.

Vixencia da inscrición

Artigo 9.- Para os efectos da continuación da vixencia da inscrición, todas as entidades inscritas no rexistro municipal deberán presentar anualmente ante a Alcaldía, antes do 31 de marzo a seguinte documentación:

a) Orzamento e programa de actividades para o ano en curso.

b) Memoria das actividades e actos realizados no transcurso do ano anterior.

c) Número de socios e socias a 31 de decembro, expedido polo Secretario da Asociación.

d) Calquera outra modificación que se producise con motivo da celebración da asemblea xeral, da cal deberá estender copia certificada polo Secretario da Asociación.

Baixa da Asociación no Rexistro

Artigo 10.- As asociacións poderán causar baixa no rexistro:

a) por petición expresa das mesmas que se realizará por solicitude asinada pola presidencia da asociación.

Código seguro de verificación: IPW3TF6PP4MLYY84

b) por inactividade da asociación. Entenderase que existe inactividade cando a asociación non actualice os datos requiridos no artigo anterior. Anualmente a Secretaría comunicará á Alcaldía as asociacións inactivas para dispoñer a súa baixa.

c) Por incumprimento de calquera das obrigas establecidas no presente regulamento.

Procedemento de baixa de oficio: Comprobado polos Servizos Municipais o incumprimento sobrevindo por parte das asociacións dalgún dos requisitos esenciais que se esixen para a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, procederase a iniciar o expediente de baixa de oficio no Rexistro.

De conformidade co artigo artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, deberase comunicar ao interesado a incoación do expediente, concedéndolle audiencia durante un prazo non inferior a dez nin superior a quince días para que, en caso de desconformidade presente as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

A competencia para resolver correspóndelle ao Alcalde, de conformidade co disposto no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases Reguladoras do Réxime Local.

A Resolución acordando a baixa de oficio no Rexistro Municipal notificarase aos interesados xunto coa indicación dos recursos pertinentes.

Artigo 11.- A perda da condición de asociación inscrita dará lugar á perda dos dereitos de uso de instalacións e medios municipais.

Dereitos

Artigo 12.- Os dereitos recoñecidos nesta ordenanza ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza só serán exercitables por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro municipal de asociacións veciñais.

Artigo 13.- As asociacións inscritas, logo da petición por escrito presentada no Rexistro Municipal coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes, poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais e medios de comunicación.

As autorizacións concederanse atendendo ás actividades programadas, a dispoñibilidade de espazos, persoal e horarios, segundo os criterios que se fixen polas unidades responsables da xestión dos medios solicitados. Asemade, as asociacións inscritas poderán acceder ás accións formativas que impulse o Concello de Cangas para fomento do asociacionismo.

Artigo 14.- As asociacións poderán percibir subvencións dentro das posibilidades orzamentarias nos prazos, procedementos e cantidades que se determinen nas convocatorias publicadas para ese fin. As ditas subvencións poderán ser tanto para gastos ordinarios de funcionamento como para o desenvolvemento ou promoción de actividades concretas.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: IPW3TF6PP4MLYY84

Obrigas

Artigo 15.- Anualmente, antes do 31 de marzo, as asociacións comunicarán, mediante unha breve memoria, o programa anual de actividades e o orzamento previsto para o ano en curso. Comunicarán asemade cantos datos de rexistro actualizados lles sexan solicitados.

Artigo 16.- As asociacións responderán do uso realizado das instalacións municipais e dos danos que nestas puidesen causar pola súa utilización.

Disposición Transitoria

As asociacións inscritas no rexistro municipal con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento deberán adaptarse ao disposto no mesmo. Para iso antes do 31 de marzo de 2017 deberán achegar a documentación á que se fai referencia no artigo 9 do regulamento tendo que achegar ademais a documentación requirida no artigo 8 que non fose achegada con anterioridade ou que fora obxecto de variación trala súa inscrición inicial.

Ao remate do período transitorio o Concello disporá dunha relación de asociacións inscritas e constarán de todas elas os mesmos datos e documentación.

Transcorrido o prazo outorgado aquelas asociacións que non cumpriran co establecido na presente disposición poderán ser dadas de baixa no Rexistro por inactividade.

Disposicións Finais

Primeira: No non previsto por este Regulamento, o Rexistro Municipal de Asociacións, e as relacións das inscritas nel co Concello de Cangas rexeranse polo Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segunda: O presente regulamento entrará en vigor, logo da súa publicación íntegra no BOP de Pontevedra, despois de transcorrer o prazo previsto no artigo 70 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Contra este regulamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano de tal xurisdición e no prazo que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Cangas, a 10 de outubro de 2016.—O Alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela.

Código seguro de verificación: IPW3TF6PP4MLYY84